



8M²⁰²⁰

MATERIAIS para traballar
nas aulas de **SECUNDARIA**



Introdución

O 8 de marzo é o Día Internacional das mulleres. Un día moi importante de celebración, de loita, de acción, de xuntanza, de berrar reivindicación, mostrar a nosa forza, etc. Celebrouse por primeira vez a inicios do século XX e véñse celebrando en moitos lugares do mundo, desde os pobos máis pequenos ata as cidades máis grandes.

A conmemoración deste día é unha das estratexias para dar visibilidade ás inxustizas de xénero, que seguen sendo un dos problemas fundamentais na nosa sociedade e é unha das lacras que nos impide vivir nunha sociedade xusta. Este día pon en evidencia a situación de submisión das mulleres en relación aos homes. Ademais, establece accións que contribúen a visibilizar as reivindicacións e cuestións esixidas polas diferentes ramas do movemento feminista.

Estas reivindicacións deben ser traballadas todos os días do ano. Debemos considerar esta data como o inicio dun proceso reflexivo para unir forzas e gañar folgos para seguir coa loita cotiá dentro das aulas e do centro educativo.

Aínda que ao longo dos anos as mulleres conquistamos dereitos e liberdades, queda moito por facer. As diversas opresións e desigualdades existentes na nosa sociedade combínanse e artículanse de maneira que nos segregan, facendo das nosas diferenzas unha arma de opresión.

O día 8 de marzo é un momento para pór en valor a diversidade do movemento feminista. Tanto é así que o 8 de marzo deixa de ser o “Día Internacional das Mulleres Traballadoras” para ser o “Día Internacional das Mulleres”, para que todas as mulleres teñen cabida, independentemente de onde e como traballen, da súa cor, orixe, orientación sexual, expresión de xénero, relixión... Este cambio de nome foi un dos pasos para evitar a segregación dentro do movemento feminista.

Neste contexto, os espazos educativos son chave para coñecer e promover outras formas de pensar, de facer e de estimular a creatividade. Tamén poden ser espazos no que se poida experimentar o respecto, o bo trato, e vivir a diversidade como algo positivo e enriquecedor. Todo isto, promove a construción de sociedades máis xustas. Todos os eidos do ensino poden incluír

no seu currículo aspectos, temas, contidos e formas de facer na que se promova a igualdade.

Sabemos que este é un desafío enorme e que a nosa marxe de acción é reducida. Aínda así, pódese e débese facer moito. Por isto, esta unidade didáctica pretende servir de apoio para quen queira percorrer este camiño.

As propostas que seguen están descritas de forma que o/a docente poida adaptalas segundo o grupo co que vai traballar. Cada dinámica contén:

- ▶ Unha pequena introdución que aborda o tema que se vai traballar.
- ▶ Uns obxectivos específicos.
- ▶ Os materiais necesarios.
- ▶ Explicación “paso a paso”.
- ▶ Puntos a ter en conta no momento da dinamización.

Ao final desta unidade temos un glosario que aclara determinados conceptos. Estes son importantes para introducilos nas análises e reflexións que se fan e para resolver as dúbidas que xurdan nas aulas.

Obxectivos

- ▶ Sensibilizar sobre as opresións relacionadas co sexo-xénero.
- ▶ Cuestionar estereotipos de sexo-xénero.
- ▶ Prover de ferramentas o alumnado para o desenvolvemento de habilidades e condutas non machistas.
- ▶ Valorar o movemento feminista e as súas conquistas.
- ▶ Estimular a práctica co-educativa.

Metodoloxía

Como proposta metodolóxica recomendamos potenciar todo o posible a participación do alumnado nas actividades. Propomos actividades que fomenten a reflexión, o diálogo, a creatividade e a construción colectiva. Son perfectamente adaptables a diferentes contextos e recursos.



Partimos da idea de que as crianzas teñen coñecementos e capacidades diversas que debemos ter en conta para debater e entender as problemáticas tratadas. Isto contribúe á participación e a que enfronten as inxustizas do sistema sexo-xénero.

Seguindo as ideas de Paulo Freire, o papel do profesorado debe ser o de implicarse para que o alumnado adquira habilidades para ler o mundo, estimular e despertar as consciencias. Afastándose da idea de que o profesorado debe depositar os seus coñecementos no alumando como se fosen seres absolutamente baleiros e receptivos.

Seguindo as súas ideas, as actividades propostas colocan ao profesorado nunha posición de orientador/a e de mediador/a de temas de igualdade que forman parte da realidade e dos intereses do alumnado. Entendemos que este non é un traballo doado, pero é necesario e di moito sobre os valores e actitudes que queremos promover.

É preciso diminuír a distancia entre o que se di e o que se fai, ata que, nun determinado momento, a túa fala sexa a túa práctica.

Paulo Freire.

Antes de comezar, é importante ter claro que as problemáticas relativas ao sexo-xénero deben ser abordadas dunha forma transversal. Se por un lado isto fai que sexa máis complexo, por outro, abre posibilidades e é enriquecedor.

Hai que ter en conta que o coñecemento e os materiais de ensino teñen unha perspectiva antropocéntrica de xénero que son transmitidos como unha historia única e verdades absolutas;

negando outras historias, realidades e coñecementos de colectivos minorizados, como son as mulleres. Esas ideas tradúcense nunha identidade normativa, estándares e en modelos de comportamentos que reforzan a construción da desigualdade entre as persoas.

Por iso interesa estimular o cuestionamento dos modelos e como son reproducidos, para desfacer o imaxinario heteropatriarcal que divide a nosa sociedade en dous mundos: o mundo dos homes e o das mulleres.

Así, sobre eles establécese que determinadas características fisiolóxicas do corpo das persoas, como os xenitais, deben coincidir coa identidade sexual e a orientación sexual, que tamén están divididas en dúas e son presentadas como opostas e complementarias. Tamén paga a pena tentar algúns aspectos que marquen a diferenza no proceso de formación:

- ▶ **Non tratar o tema con inxenuidade.** Están aumentando as novas falsas e os discursos de odio de cara ás mulleres e ao movemento feminista. Isto leva a actitudes de negación, escarnio e a minimizar as problemáticas relativas ao sexo-xénero. Este tipo de ataques son vistos na mocidade, sendo importante recoñecelos e debatelos. Estes temas fundamentais deben ser tratados con seriedade.
- ▶ **Proporcionar un espazo inclusivo e seguro** para o debate. Iso implica coidar que todas as persoas se sintan escoitadas, de forma que sintan que as súa palabra e ideas valen.
- ▶ **Ter unha linguaxe inclusiva.** Utilizar unha linguaxe próxima e inclusiva, equilibrando o uso de femininos e masculinos. Escoitar todas as opinións é fundamental para o bo desenvolvemento de calquera actividade.

- ▶ **Non naturalizar estereotipos.** Un dos traballos previos é repensar prexuízos e estereotipos que temos interiorizados e que reproducimos sen darnos conta nas nosas actitudes.
- ▶ **Dar visibilidade da realidade e das achegas doutros grupos sociais.** É fundamental estar atentos/as a como outras opresións operan, de maneira articulada, coas de sexo-xénero. É preciso dar visibilidade á diversidade que existe nas nosas aulas para que os problemas sexan vistos e busquemos solucións.
- ▶ **Rexeitar todo tipo de violencia, incluída a existente contra o colectivo LGTBIQ¹.**

ACTIVIDADE 1. Liña do tempo

Introdución

O 8 de marzo é o día de reivindicación dos dereitos das mulleres; por isto, nada mellor que lembrar as loitas e os logros do movemento feminista. Habitualmente, estes logros non os atopamos ou teñen pouca relevancia nos libros de texto e/ou nos medios de comunicación oficiais e máis populares.

A invisibilización destes feitos e das mulleres que os protagonizaron é unha estratexia para ocultar o papel activo que sempre tiveron as mulleres na nosa sociedade. Unha das consecuencias é a falta de referencia e de coñecemento da nosa propia historia, permitindo a naturalización das inxustizas e desigualdades no noso imaxinario.

A historia do movemento feminista é a responsable de que hoxe esteamos en mellores condicións que no pasado e alértanos da necesidade de resistir ante os perigos constantes de retrocesos. Coñecer as conquistas contribúe a comprender que a organización social e a loita polos dereitos paga a pena.

A proposta deste xogo é dar a coñecer e espartar a curiosidade do alumnado sobre as referentes, as iniciativas, os postulados, os logros e as personalidades do movemento feminista por medio da construción dunha liña do tempo dos seus feitos e logros. Estes feitos ocorren en determinados lugares, contextos sociais e momentos históricos. Este é un xogo que ten a súa complexidade, pero é moi divertido.

Este xogo contribúe tanto a dar a coñecer os nosos dereitos e conquistas, como a estimular o desenvolvemento de diferentes habilidades do alumnado como a cooperación, a busca de consensos, o diálogo e a investigación. Habilidades que son necesarias para transformar a nosa sociedade nun espazo máis propicio para o ben vivir.

Obxectivos

- ▶ Construír unha liña do tempo coas principais conquistas e feitos do movemento feminista e das mulleres.
- ▶ Dar a coñecer os dereitos conquistados e os principais acontecementos do movemento feminista e das mulleres.
- ▶ Sensibilizar sobre as loitas do movemento feminista ao longo da historia.
- ▶ Desenvolver habilidades para unha análise crítica da historia.

Materiais

- ▶ Teléfonos móbiles con Internet.
- ▶ Tarxetas en branco.
- ▶ Tarxetas con feitos históricos e conquistas do movemento feminista e das mulleres.
- ▶ Tarxetas coas datas dos feitos históricos.
- ▶ Fita adhesiva.
- ▶ Rotuladores.
- ▶ Fío de la. (para marcar a liña do tempo da aula).
- ▶ Follas A3.
- ▶ Cronómetro.

Paso a paso

O xogo ten 4 fases que son descritas ao alumnado soamente no momento da súa execución. As fases son:

- (1) Dámoslles as tarxetas cos feitos e coas datas dos logros do movemento feminista para que asocien feitos e datas construíndo a súa liña do tempo en orde cronolóxica. Aquí comprobamos os seus coñecementos.
- (2) Dámoslles tarxetas en branco e invitamos a que eles/as identifiquen máis feitos e logros do movemento feminista que complementen a súa liña do tempo.

¹ Léxicas, Gays, Bisexuais, Trans, Intersexuais e Queer.



- (3) Intercambiamos as liñas do tempo entre os grupos. Cada grupo corrixe, confronta e completa a información posta na liña do tempo dos outros equipos. Nesta fase búscase información en diversas fontes (Internet, libros, enciclopedias, etc).
- (4) Finalizamos a liña do tempo colectiva coa información recollida e contrastada por cada grupo.

Introdución

1. Empezamos por introducir o tema da ausencia dos logros e dos feitos realizados polo movemento feminista e polas mulleres. Podemos preguntar o que saben sobre o tema. Ante a necesidade de coñecer esta parte da Historia, propomos facer a nosa liña do tempo por medio do xogo.
2. Nunha parte da aula amosamos unha liña do tempo en branco e un cadro para contar os puntos de cada grupo. Explicamos que este é un xogo competitivo por equipos.
3. Dividimos a aula en 4 grandes grupos.

Fase 1:

1. Cada grupo recibe o seu kit de materiais (tarxetas con feitos, tarxetas con datas e unha folla A3 para a construción da súa liña do tempo).
2. Cada grupo é invitado a colocar os feitos en orde cronolóxica de maneira que constrúan unha liña do tempo. Por enriba da tarxeta co feito histórico colocan a tarxeta coa data. Nesta fase, o alumnado non pode utilizar ningunha fonte de información para comprobar
3. Finalizado o tempo, comprobamos as respostas da seguinte maneira:

- Comprobamos que as datas correspóndense cos feitos. Por cada data ben, damos 1 punto.
- Cada grupo expón a súa liña do tempo. Se a orde cronolóxica é a correcta, o grupo gaña 1 punto. Repetimos o proceso con todos os grupos.

4. Mentres comprobamos a información dos grupos, construímos coas respostas correctas a liña do tempo colectiva. Esta estará exposta nun lugar visible da aula.

Fase 2:

1. Cada grupo recibirá novas tarxetas. Agora todas as tarxetas estarán en branco. Nelas deben escribir outros feitos, logros e acontecementos que marcaron a loita feminista e a conquista dos dereitos das mulleres. Nesta fase, os grupos tampouco poderán facer consultas en Internet, libros ou outras fontes de información. Canto máis completa fose a información, mellor. Eles/as deben seguir o modelo das tarxetas da fase 1 (1 tarxeta para os feitos e outra tarxeta para a data). Desta forma eles/as poden escribir algún feito dos que non saben a data. Nesta fase, o tempo tamén é limitado.
2. Finalizado o tempo, pedimos a cada grupo que presente os feitos que escribiron.

Fase 3:

1. Intercambiamos as liñas do tempo entre os grupos. Nesta fase, cada grupo corrixe, confronta e completa a información posta na liña

do tempo feita polo outro equipo. Para isto pode utilizar calquera fonte de información que sexa fiable, utilizando teléfonos móbiles, libros, etc. Atención! Ningún grupo poderá verificar a súa propia liña do tempo. É importante que os grupos teñan claro que o desafío agora é mellorar a liña do tempo que teñan nas mans. Canto máis información correcta houbera, máis puntos. Nesta fase, o tempo tamén é limitado.

Fase 4:

1. Cada grupo expón as súas correccións. Nesta fase, púntase diferente: para cada feito coa información correcta, o grupo gaña 3 puntos. Se os grupos aportan a mesma información de forma correcta, cada grupo gañará 2 puntos. Para cada feito con información incompleta, reciben 1 punto.

Puntos a ter en conta

- ▶ Neste xogo é importante que se interesen por descubrir feitos relacionados cos dereitos das mulleres e do movemento feminista. A información pode consultarse en Internet.
- ▶ Só a tarefa de busca e de confrontala para confirmar a súa veracidade fai que o alumnado atenda ao contido.

ACTIVIDADE 2. A publicidade é sexista?

Introdución

A publicidade é a disciplina que promove produtos ou ideas que son transmitidas polos medios de comunicación: xornais, revistas, televisión, radio, Internet, etc. Estes medios moven moitos cartos e están constantemente nas nosas vidas. Algunhas veces nin os percibimos.

A finalidade da publicidade é persuadir, convencer ao/á receptor/a sobre a boa calidade dun determinado produto, valéndose de todo tipo de estratexias. Para alcanzar os seus obxectivos, a publicidade busca representar con precisión hábitos, costumes, preferencia e ideoloxías presentes no medio social co fin de conectar co seu posible consumidor.

A publicidade localízase entre a esfera da produción e a do consumo. Ela camiña en para-



lelo cos discursos dominantes e ratifícaos, actuando como un termómetro do comportamento social. Para alcanzar os seus obxectivos utiliza comportamentos, actitudes e valores machistas e sexistas, que están inmersos na nosa sociedade. Por iso é importante mirar aos anuncios de forma crítica, e así sermos capaces de identificar calquera aspecto que poida reproducir e manter as desigualdades e as violencias.

Por Publicidade sexista enténdese toda aquela que:

- ▶ Utiliza a muller como obxecto de reclamo publicitario.
- ▶ Reforza estereotipos sexuais perpetuando os roles fixados tradicionalmente para mulleres e homes.
- ▶ Asigna características de personalidade e comportamentos diametralmente opostos por razón de sexo.
- ▶ Insire ao produto características sexuais.
- ▶ Transmite modelos de beleza.
- ▶ Reforza posicións xerárquicas e discriminatorias, por exemplo, situando personaxes femininos nunha posición de inferioridade e dependencia.
- ▶ Frivoliza ou xustifica algunha forma de violencia contra as mulleres a través da imaxe, da palabra ou do son.

- ▶ Fomenta roles, comportamentos e expectativas diametralmente opostas para nenas e nenos.
- ▶ Presenta as mulleres como persoas dependentes dos homes, tanto economicamente como á hora de tomar decisión.
- ▶ Presenta as mulleres no ámbito laboral desempañando profesións de menor relevancia social, perpetuando así a división sexual do traballo (piloto/azafata, xefe/secretaria).

Obxectivos

- ▶ Sensibilizar sobre o sexismo na publicidade.
- ▶ Promover a análise crítica e non sexista da publicidade.
- ▶ Proporcionar información sobre estratexias de denuncia.

Materiais

- ▶ Follas de papel/folios.
- ▶ Recortes ou impresos de publicidades.
- ▶ Folla de análise, se fose preciso.

Paso a paso

1. Introducimos o tema na aula falando sobre os observatorios de publicidades sexistas tanto estatal como galego (<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/observatorio-da-publicidade>) e (<http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observlmg/home.htm>).
2. Convidamos ao alumnado a facer o traballo de críticos da publicidade.
3. Dividimos a aula en grupos. Cada grupo recibe 3 imaxes de anuncios antigos e actuais dun mesmo produto (perfume, xoguete, coche...).
4. Nunha folla, cada grupo debe efectuar a seguinte análise:
 - ▶ Cales son as características atribuídas a cada sexo.
 - ▶ Se o anuncio propaga estereotipos de xénero.
 - ▶ Cal é a mensaxe que consideran que o anuncio quere transmitir.
 - ▶ O tipo de linguaxe utilizada.
 - ▶ Cal é a evolución dos anuncios co paso do tempo, segundo o tipo de produto.



5. Seguidamente, cada grupo presenta a súa análise. Co dereito á intervención do público para aclarar conceptos.
6. Para rematar, cada grupo volve aos seus anuncios e avalían se son sexistas ou non, construíndo un texto que xustifique o seu parecer².

Puntos a ter en conta

- ▶ Para facilitar o traballo do alumnado, pódese preparar unha folla de análise cos puntos clave descritos no paso a paso.
- ▶ Antes de comezar a actividade é importante introducir o tema da publicidade e a importancia dos medios de comunicación e das imaxes como medios transmisores de información, contidos e valores para a nosa sociedade. Isto contribúe a que o alumnado participe con máis interese na actividade, unha vez que entende as razóns pola que fai o exercicio. Ademais, incentívase a que se perciban como suxeitos activos.
- ▶ É importante destacar que nós somos o público ao que vai dirixida a publicidade, polo tanto, posibles consumidores/as dos seus produtos. En consecuencia, temos o poder de decisión sobre a compra ou non deses produtos, ademais da capacidade para denuncialos.
- ▶ Tamén é unha forma de contribuír á participación máis consciente da mocidade ante estes problemas, dar a coñecer as páxinas webs e outros vehículos e fórmulas de denuncias para cando se detectan usos discriminatorios da publicidade.

² Como opción, podemos entregar os formularios oficiais de denuncia dos observatorios, para que o alumnado os coñeza e experimente a construción dunha denuncia real. Os formularios de denuncia atopáremoslos nas webs dos observatorios de publicidade sexista (<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/observatorio-da-publicidade>) e (<http://www.inmujer.gob.es/observatorios/observlmg/home.htm>).

ACTIVIDADE 3. As nosas referentes

Introdución

Na nosa sociedade ensínanos a valorar certos modelos de persoas e formas de vida, destacando soamente determinados feitos e conquistas. Todo o que non se asemelle ao valorado pola sociedade é posto á marxe e excluído. Así, a historia das persoas comúns e dos grupos sociais oprimidos non son entendidas como importantes, polo tanto, non son contadas, rexistradas ou transmitidas. En consecuencia, os seus problemas, os seus desafíos e logros tampouco teñen espazo no debate público e político. Isto fai que sexan esquecidas ou deixadas nun segundo plano.

Neste ámbito, o movemento feminista cuestiona a neutralidade e universalidade da “Historia Oficial”. Por iso construímos unha “Nova Historia” que inclúe o exercicio de interpretar o pasado e destacar o que foi entendido como invisible e insignificante pola historia oficial.

Reflexionar sobre a historia das mulleres que están na nosa contorna é un acto de rebeldía contra a idea do pensamento único, da Historia contada polos vencedores, das verdades absolutas e universais. As principais ferramentas para construír a Historia e recobrar a voz roubada son a memoria e a oralidade. Estas ferramentas axúdannos a recoñecer as conquistas e a dar valor ás diversas formas de superar os obstáculos machistas que afrontamos as mulleres no día a día.

Por esta razón é importante indagar sobre as persoas próximas a nós, sobre todo, aquelas que nos coidan, que nos ensinan e que están día a día acompañándonos. Elas tamén deben ser recoñecidas e, seguramente, fixeron cousas extraordinarias.

Propomos esta actividade para proporcionar un espazo de reflexión e reconstrución das historias das persoas, en especial, mulleres da nosa contorna. O obxectivo é sensibilizar ao alumnado sobre a importancia destas mulleres, aportándolles valores engadidos os feitos do día a día. Ao final, se nós non contamos a nosa historia, quen a contará?

Obxectivos

- ▶ Valorar as mulleres da nosa contorna.

- ▶ Sensibilizar sobre a importancia das actividades, habilidades, coñecementos desenvoltoos polas mulleres.
- ▶ Promover o coñecemento da historia das mulleres.

Materiais

- ▶ Un espazo agradable, amplo e comfortable.
- ▶ Papeis de cores.
- ▶ Revistas, xornais, imaxes, etc.
- ▶ Pinturas.

Paso a paso

1. Preparamos o espazo da aula de forma que o alumnado poida estar cómodo.
2. Iniciamos unha visualización. Pedimos que cada alumno/a peche os ollos e pense nunha muller que admire. Unha muller especial, que sexa unha referencia de persoa e que lle ensínase moitas cousas.
3. Preguntamos: por que é especial?
4. Despois, pedimos que a visualice. Empezamos polos aspectos físicos e ambientais: onde está, o que está facendo, se está acompañada, que roupa leva, como está o seu cabelo, como é o seu corpo, a súa cara, etc.
5. Despois, preguntamos sobre as actividades que fai, cales son as súas habilidades e como é o seu día a día. Pensamos sobre a súa traxectoria.
6. Seguimos coa visualización pedindo que perciban os aspectos máis persoais: o seu estado anímico (se está contenta ou triste), se ten ilusións ou soños e que lle gusta facer.
7. Pechamos a visualización.
8. En círculo, preguntamos ao alumnado sobre a experiencia: Foi fácil encontrar a unha persoa?, Por que? Como foi a súa visualización? Houbo informacións que non sabías responder?, etc.
9. Ao final dese momento, comentamos a importancia de dar visibilidade ás mulleres como modelos e referentes, especialmente aquelas que están na nosa contorna e que moitas veces vemos e non valoramos como debería ser.



10. Falamos da necesidade de valorar as súas actividades e habilidades para que elas, e outras, poidan ter máis espazos e oportunidades na nosa sociedade.
11. Despois facemos o círculo de sentires/experiencias, dispomos no centro papeis de cores e pinturas. Convidamos ao alumnado a representar de forma artística a esta persoa tan especial. O formato pode ser libre: escrito como poema, narrativas, descrición, ou por medio de pinturas, debuxos, banda deseñada ou outros que se lles ocorran.
12. Finalmente, expomos as obras de arte e convidamos a quen queira que presente a súa muller especial.

Puntos a ter en conta

- ▶ Para iniciar as visualizacións é fundamental que o profesorado cree un espazo e un ambiente que a favoreza. A composición do espazo contribúe a que o alumnado cambie as expectativas e actúe dunha maneira diferente á que está habituado/a a actuar na aula.
- ▶ Para a organización do espazo pode axudar que o alumnado non teña obxectos persoais próximos, música ambiente e que teñan espazo entre eles/as. Así como utilizar elementos relaxantes que favorezan o imaxinario dun lugar e momento idílicos.
- ▶ Durante o círculo de sentires é importante que o profesorado escoite e valore os sentimentos e emocións faladas polo alumnado e que convide ao resto de compañeiros/as a que traballen con respecto. Estas son habilidades que pouco traballamos entre iguais e que son básicas para mitigar as violencias e desigualdades.
- ▶ Debe ser un momento especial, aínda que existan risas e conversas paralelas. Estas poden ser síntoma de que a actividade chega á parte emocional, moitas veces descoñecida polo alumnado. O coñecemento das emocións e dos sentimentos pode ser entendido como algo malo do que se deben afastar. Por isto, tamén é importante que o profesorado preste atención para acompañalos/as neste proceso de comprensión, identificación e xestión das emocións.

ACTIVIDADE 4. Como sería a vida de.... ?

Introdución

Antes de nacer, créanse sobre nós expectativas: que sexo teremos, como será o noso corpo, cales serán os nosos gustos, actitudes, comportamentos, profesións, amores, etc. Habitualmente, estas expectativas constrúense baixo as diferenzas sexuais dicotómicas (home e muller) e a heterossexualidade.

Estas expectativas son proxectadas sobre nós de diferentes maneiras como o noso nome, as cores da nosa roupa, os xoguetes que nos regalan, a forma de falarnos e o que está ou non está permitido, entre outras cousas.

Todo ao redor está atravesado polo sistema sexo-xénero, por iso incorporamos moitas das súas normas de maneira inconsciente e reproducímolos sen pensar. Así, desde que nacemos incorporamos os estereotipos e roles de xénero.

Aprendemos por medio da observación, da interacción e das reaccións ante as actitudes que tomamos durante toda a nosa vida. Somos influenciados/as polas persoas que están ao redor, o que vemos nos medios de comunicación, o que nos falan, o que lemos.... por todo. Isto non quere dicir que sexamos simples reprodutores/as do que nos ensinan.

Mentres, dedicamos pouco tempo a pensar sobre estes estereotipos e roles e en como están naturalizados e interiorizados. Por iso é importante dedicar tempo a reflexionar sobre as nosas actitudes para poder cambialas.

Propomos esta dinámica para reflexionar e identificar os estereotipos e roles que reproducimos de maneira inconsciente. Faremos isto por medio dun exercicio de espello, ou sexa, invitaremos ao alumnado a proxectar como sería a historia dun pequeno ser humano recién nacido. Desta maneira, os estereotipos de sexo-xénero que están incorporados saen de maneira espontánea. Será sobre o prototipo creado polo alumnado, sobre o que debateremos.

Obxectivos

- ▶ Identificar os estereotipos e roles de xénero.
- ▶ Desnaturalizar os estereotipos e roles de xénero.
- ▶ Estimular a imaxinación.

Materiais

- ▶ 2 imaxes de bebés nas que estean explicitados os seus xenitais: unha con pene e outra con vulva.
- ▶ 1 pelota por grupo.
- ▶ Guión de aspectos a ter en conta para a construción da historia.
- ▶ Follas.
- ▶ Bolígrafos.

Paso a paso

1. Dividimos a aula en grupos. Un grupo conta a vida de X (imaxe dun bebé con pene) e o outro conta a vida de Y (imaxe dun bebé con vulva), ata que cumpran 35 anos³. Cada grupo debe formar un círculo.
2. Damos unha imaxe a cada grupo (X,Y).
3. Danse as instrucións:
 - ▶ Cada grupo debe contar unha historia entre os/as integrantes a partir do prototipo asignado(X,Y).
 - ▶ Só pode falar aquela persoa que teña a pelota na man.
 - ▶ A pelota debe pasar por todas as persoas que integran o grupo, seguindo a orde do círculo.
 - ▶ Cada integrante fai a súa intervención no momento no que lle chegue a pelota, para completar a historia iniciada polos/as compañeiros/as.
 - ▶ Constrúen a historia dunha persoa de forma colectiva.
4. Antes de comezar, escóllese a 2 persoas de cada grupo:
 - ▶ Unha delas encárgase de escribir a historia colectiva. É unha forma de que o grupo poida seguir o fío, no caso de perderse.
 - ▶ A segunda persoa é a encargada de seguir un guión⁴ con certas características e etapas da vida. Isto contribúe a que todos os grupos teñan aspectos semellantes para que as súas vidas poidan ser comparadas ao final da dinámica.

³ Se existen máis de dous grupos por aula, asignaremos de forma consecutiva os prototipos. Exemplo: X-Y-X-Y (...)

⁴ Temos unha proposta de guión nos anexos.

5. Posta en común:

- ▶ Cando a creación das historias rematen, formamos un gran círculo con todo o alumnado.
- ▶ Cada grupo conta a súa historia e compróbase que estereotipos e roles de xénero saíron.
- ▶ Podemos facer isto por medio de preguntas que leven á reflexión crítica e ao diálogo entre o alumnado.
- ▶ Podemos preguntar sobre as similitudes e diferenzas que hai nas historias, sobre determinadas situacións presentadas, se son comúns na vida real, sobre a razón de escoller determinadas situacións, etc.

Puntos a ter en conta

- ▶ Na posta en común é importante reforzar a idea de romper cos roles e estereotipos de sexo-xénero. Estes son ingredientes que alimentan o sexismo, o machismo, a homofobia e a heteronormatividade. Pódense cuestionar os porqués da construción da historia desta maneira e non de outra, destacando que estes roles e estereotipos aprendémolos desde que somos bebés de diferentes formas.
- ▶ Faise interesante para o debate e para a análise crítica, sacar reflexións a partir dos exemplos das súas historias, tanto para evidenciar aspectos estereotipados, como transgresores. Podemos preguntar sobre as consecuencias e outros posibles desenlaces para a vida desas persoas.

ACTIVIDADE 5. Como sobrevivir neste mundo?

Introdución

A división sexual do traballo refírese á atribución de tarefas ou responsabilidades diferentes ás persoas polo único feito do sexo que lle é asignado. Esta forma de organización social do traballo é socialmente construída adaptándose a cada sociedade.

No caso occidental, as persoas están divididas en 2 sexos: home e muller; e será sobre esta división que se diferencien as tarefas, ac-

tividades e responsabilidades. Este reparto ten a característica de destinar prioritariamente aos homes as actividades entendidas como produtivas (ocupacións de forte valor social agregado como comercio, industria e política) e ás mulleres aquelas entendidas como privadas ou reprodutivas (actividades relacionadas cos coidados e tarefas domésticas).

Semella que falamos dun pasado afastado, pero esta división segue existindo, pese a acción do movemento feminista que contribuíu a moitos cambios. Aínda así moito queda por facer. Esta división sexual do traballo repercute directamente na vida das persoas e na estrutura social, de tal forma que, a día de hoxe, os soldos seguen a ser desiguais para homes e mulleres por realizar o mesmo traballo.



Tamén observamos que coa incorporación das mulleres ao mercado laboral de maneira xeneralizada e ben cualificadas, os postos de responsabilidade e de toma de decisión máis valorados son ocupados por homes, na súa maioría.

Da mesma forma, seguimos vendo que aquelas profesións relacionadas cos coidados e co doméstico, como enfermaría, pediatría, maxisterio, traballo doméstico, entre outros, seguen a ser ocupadas maioritariamente por mulleres. Estas tamén son profesións que, habitualmente, están menos valoradas na nosa sociedade. En consecuencia, teñen dereitos laborais máis limitados e soldos máis baixos.

Neste ámbito actúa outra expresión da desigualdade que se refire ao status diferenciado polos postos de traballo, dependendo do sexo que o executa. Por exemplo, na Galiza, moitas empresas do campo da limpeza utilizan o nome de técnico de limpeza cando o posto de traballo é ocupado por un home, mentres que se é ocupado por unha muller, ponse o nome de limpadora.

Todas estas desigualdades non quedan só no ámbito do traballo remunerado, tamén se localizan no ámbito privado e doméstico. Falar de división sexual do traballo tamén é falar da división de tarefas que se exerce dentro do ámbito doméstico. Tanto da división de funcións como do status da mesma.

As mulleres loitamos para ocupar o espazo público, político e do traballo remunerado, pero os homes non fixeron o traballo de ocupar o es-



pazo do privado, doméstico e dos coidados. En consecuencia, a responsabilidade destas tarefas fundamentais para a supervivencia de calquera persoa recae sobre o colectivo de mulleres. Ademais, no debate político, estas tarefas son habitualmente deixadas de lado, esquecidas, desvalorizadas... o que contribúe á continuidade das desigualdades.

Con esta dinámica buscamos recoñecer o valor daquelas actividades e coñecementos fundamentais para a vida. Así como facer ver as inxustizas relacionadas coa división sexual do traballo, que seguen tendo boa saúde.

Obxectivos

- ▶ Sensibilizar sobre a importancia das tarefas de reprodución e coidado da vida.
- ▶ Reflexionar sobre a división sexual do traballo e como a sociedade a valora.

Materiais

- ▶ 15 tarxetas por grupo.
- ▶ Fita adhesiva.
- ▶ Rotuladores.

Paso a paso

1. Dividimos a aula en grupos de 6 ou 7 persoas.
2. Narrativa da dinámica:

- ▶ Chega un extraterrestre e necesita aprender tarefas básicas para sobrevivir na nosa sociedade.
 - ▶ El/a necesita aprender como manterse vivo e en boas condicións.
 - ▶ Instálase nun piso no centro do pobo cuxa renda é de 300€.
 - ▶ Un Traballo que debe realizar durante 8h diarias nunha fábrica/comercio, que está a 30 minutos andando e que é remunerado co soldo mínimo.
3. Cada grupo ten o obxectivo de seleccionar 15 tarefas específicas que son imprescindibles para a vida. Noutras palabras, deben seleccionar 15 tarefas/coñecementos que son fundamentais para o mantemento da vida. Con calidade, claro! Por exemplo: lavar a roupa, xestionar recibos, planificar a comida, cociñar, mercar a comida, limpar a casa, fregar a louza, etc.
 4. Cada grupo recibe 15 tarxetas onde debe escribir as tarefas que consideran imprescindibles para a reprodución da vida en boas condicións.
 5. Cando todos os grupos rematen. Cada un deles presentará a súa selección explicando as razóns das súas escollas e deixando as tarxetas visibles para todos os grupos.
 6. Finalmente, cando presenten todos os grupos, abrimos o debate.
 7. Comparamos as actividades/tarefas, identificando as que coinciden e as que non.

8. Facemos preguntas ao alumnado sobre estas tarefas e as súas habilidades e a súa relación con elas. Podemos preguntar se saben executar as tarefas que puxeron, cales, quen lles ensinou ou quen as fai na súa casa.
9. Provocamos un debate para analizar colectivamente a importancia desas tarefas e como son valoradas na nosa sociedade e no noso entorno.
10. Identificamos ás persoas responsables que executan esas tarefas e por que. Buscamos axuda nas tarxetas. Usamos as mesmas tarxetas para identificar e evidenciar cales son aquelas tarefas realizadas habitualmente por mulleres e cales por homes, ou cales por ambos xéneros, de forma que construímos un novo cadro no que se reflicte a realidade na que vive o alumnado.

Puntos a ter en conta

- ▶ O debate, unha vez máis, é a parte fundamental da dinámica. Nel é onde recollemos a información e os coñecementos do alumnado para reflexionar con eles/as sobre os valores sociais, hábitos, costumes, estereotipos, etc.
- ▶ O profesorado debe estar atento a estas informacións, destacando e aclarando os puntos de vista e cuestionando posturas machistas.
- ▶ É preciso ter coidado, xa que non queremos unha posición moralista para non censurar o alumnado. Devolverlles, mediante preguntas, as situacións machistas, pode axudar.
- ▶ No momento do debate pódense amosar cifras e táboas que aporten informacións actuais sobre a realidade da división sexual do traballo e das desigualdades relativas aos soldos e do traballo dentro do fogar.

ACTIVIDADE 6. Cartografía do machismo

Introdución

Esta actividade ten por obxectivo evidenciar actos machistas dentro do centro educativo. É unha actividade que pode ser curta ou alongarse en varias sesións. É de fácil adaptación ao contexto

escolar e do alumnado. Por iso necesita que a persoa docente coñeza as diferentes formas de expresión da opresión do sistema sexo-xénero para introducilas no debate e estimular ao alumnado a pensar sobre as formas máis invisibles do machismo, que habitualmente pasan desapercibidas dentro dos centros escolares.

Propomos construír un mapa no que estean proxectados todos os actos machistas e estruturas xerárquicas de sexo-xénero, para poñelos en evidencia, sendo unha estratexia de denuncia.

Os mapas, como sabemos, son un importante medio de comunicación e orientación, pois son os instrumentos utilizados para a representación dun determinado espazo ou territorio. Tanto Transmíten a localización como as características diversas e previamente seleccionadas sobre o lugar en cuestión.

Por iso existen diversos mapas temáticos, o noso será un deles. Os mapas temáticos abordan elementos naturais e humanos do espazo xeográfico. Poden ter diferentes enfoques e destacar aqueles elementos de interese. No noso caso serán os actos machistas e/ou estruturas que fan que o machismo siga existindo no centro.

O traballo de analizar un territorio e localizar os actos e os aspectos machistas que o alumnado coñece, normalmente é percibido coma un problema alleo ao espazo dos centros educativos e ao alumnado. É unha estratexia de identificación e sensibilización para localizar as diferentes formas de expresión machistas existentes, pero especialmente é unha forma de contribuír á toma de conciencia do alumnado de que é un problema que afecta a todas as persoas e que está en todos os espazos.

Obxectivos

- ▶ Identificar actitudes e estruturas machistas.
- ▶ Sensibilizar ao alumnado sobre as formas de expresión das opresións de sexo-xénero.
- ▶ Dar visibilidade e denunciar actos e estruturas machistas existentes dentro do centro educativo.

Materiais

- ▶ Follas grandes A3/A2 ou cartolinas.
- ▶ Pinturas

- Proxector (no caso de poder proxectar algún exemplo de mapas temáticos).

Paso a paso

1. Introducir o tema na aula, comezamos por unha pequena introdución á cartografía.
2. Preguntar se saben o que é unha cartografía, se coñecen mapas, se teñen o hábito de ver mapas, planos en papel ou noutros medios (webs, aplicativos...). Podemos preguntar:
 - Para que serve a cartografía ou un mapa?
 - Para que os adoitan utilizar?
 - Como estas ferramentas poden axudar ás persoas?
 - Para que son empregadas?
 - Neste achegamento ao tema é importante preguntar sobre as características que ten un mapa ou elementos que son utilizados pola cartografía (exemplos: título, orientación, lenda, escala, proxección), porque logo as utilizaremos.
3. Seguidamente, podemos presentar mapas xeográficos e temáticos para que visualicen algún exemplo. Como suxestión: Mapa dos feminicidios (<https://geo.feminicidio.net/>).
4. Chegados a este punto xa podemos introducir o tema das actitudes machistas.
5. Lanzamos o debate preguntando ao grupo se pensan que no centro educativo hai actitudes machistas. Esta pregunta é lanzada como se fose unha chuvia de ideas, para quentar motores.
6. Estas ideas poderán ser rexistradas ou non, dependerá da madurez e habilidades do grupo.
7. Explicamos a actividade:
 - En grupo, facemos un mapa do machismo do noso centro educativo.
 - Creamos un mapa do centro educativo localizando os lugares onde sabemos que habitualmente ocorren actitudes machistas ou nos que hai aspectos e elementos machistas ou sexistas.
 - Despois, facemos a presentación en clase, para que os outros grupos poidan facer achegas.
 - Logo, podemos expoñer o noso traballo final a todo o centro, como unha forma de denuncia.

8. Antes de empezar o traballo, facilitámoslles aspectos que lles axuden á elaboración desta cartografía. Podemos escribilas no encerado para que estean visibles en todo momento:
 - Identificar os lugares onde ocorren os actos machistas.
 - Identificar os tipos de actos⁵.
 - Categorizar os actos⁶.
 - Atribuír símbolos a cada categoría (lendas).
 - Debuxar o mapa do centro educativo e localizar as categorías sobre el.
9. Dividimos a aula en grupos de 5 ou 6 persoas.
10. Dámoslles os materiais e que comencen a producir.
11. Cos mapas listos, fanse as presentacións.
12. Finalmente, cada grupo volve ao seu mapa e fai as modificacións que valoren necesarias para que o produto final sexa o máis claro posible.
13. Podemos deixalos expostos para todo o centro escolar, unha vez revisados.

Puntos a ter en conta

- O momento das presentacións dos mapas é un exercicio de comunicación na que a persoa docente debe poñer moita atención e énfase.
- Debe lembrar ao alumnado a importancia da linguaxe empregada, a forma de presentación, a representatividade dos sexos-xéneros, entre outros aspectos, de forma que o grupo tamén reflexione e desenvolva cambios sobre os seus propios actos.
- Nas presentacións a persoa docente pode dar orientacións e preguntar:
 - Se ten a información clara ou se non.
 - Cales son os aspectos que faltan ou como farían eles/as.
- É importante que a persoa docente incentive ao alumnado para que escoite e faga pre-

⁵ É importante que o alumnado explicita cales son estes actos e como ocorren. Canto máis específico mellor. Por exemplo, insultos: "choras como unha nena"; exclusións: "as nenas non se escollen para os equipos de fútbol"; distribución dos espazos: "o fútbol ocupa a maior parte do patio e é o espazo central"; símbolos dos baños etc.

⁶ Importante! Cada grupo debe buscar a súa forma de categorizar/agrupar os actos discriminatorios. Pódense dar exemplos para que entendan a idea como: físicos (empurrar, pegar), lingüísticos (insultos), sociais (exclusión, illamento), espaciais (espazos ocupados só por determinados sexos), sexuais, económicos (soldos) etc. Non en todas se pode facer esta tarefa.

guntas e achegas ao grupo que presenta. Iso axuda a que o resto de grupos presten atención aos mapas dos/as compañeiros/as e que atendan ás novas ideas para poder agregar os seus propios mapas. É un exercicio de análise crítica.

- ▶ Para o grupo que se presenta, o exercicio de escoita dos comentarios e as preguntas do público tamén son importantes e susceptibles de valorar.
- ▶ A persoa docente debe resaltar que non sempre conseguimos expresar de forma clara aquilo que queremos dicir; polo tanto, é importante escoitar o retorno/feedback do público para facer as correccións necesarias, sen a necesidade de xustificar ou aceptar todas as contribucións.
- ▶ O exercicio de escoitar e recibir críticas non é fácil, pero é importante para aprender a convivir e comprender ao/á outro/a. Así como o exercicio de facer críticas.
- ▶ A forma na que falamos sobre o traballo dos/as outros/as persoas debe ser respectuoso e coidadoso, de maneira que sempre sexa unha crítica construtiva, incentivadora e propositiva para o grupo que a recibe.

GLOSARIO

Feminismos: movementos teóricos, sociais e políticos que buscan, desde diferentes formas, rachar coas desigualdades e inxustizas relacionadas co sistema sexo-xénero. Noutras palabras, buscan a igualdade entre as persoas, o que supón unha toma de conciencia colectiva e a súa mobilización para transformar a sociedade.

Sexo: Habitualmente fai alusión á herdanza xenética que proporcionan certas anatomías e aspectos, que a nosa sociedade divide en dúas opcións: home e muller. Na actualidade, esta perspectiva sobre o sexo está sendo rebatida, xa que non é posible afirmar que o sexo, como un feito “natural/biolóxico” exista separado da cultura. Ademais, hai constancias de que hai diferentes culturas na que non existen só dous sexos.

Xénero: Termo utilizado para delimitar o que entendemos por masculino e feminino. É a cons-

trucción cultural que fai unha sociedade nun momento histórico e cultural determinado a partir das diferenzas coñecidas como sexo, que no noso caso divídense en dous.

Identidade de xénero: sentimento de pertenza ou non a un ou varios xéneros. Tradicionalmente considerábanse dúas, muller e home, directamente relacionados co sexo asignado no nacemento. Na actualidade sabemos que as persoas poden ter un xénero coincidente co seu sexo asignado no nacemento (persoas cis) ou non coincidente (persoas trans), que poden non ter ningún sentimento de pertenza a un xénero (a-xénero) ou a varios á vez (polixénero, xéneros fluídos...)

Trans: É un termo de orixe médica que diagnosticaba un comportamento de xénero atípico. Hoxe úsase para referirse ás persoas que se desmarcan do xénero que se lles asignou ao nacer. Son persoas que cruzan as fronteiras que son construídas pola súa cultura para definir os patróns que son propios para os homes ou para mulleres. Como identidade, engloba unha heteroxeneidade de experiencias de persoas transexuais, transxéneros, e outros termos que sinalan a transgresión das normas de xénero binarias.

Estereotipos de xénero: Son aqueles que crean expectativas sociais, actitudes e roles que atribuímos a un grupo determinado, neste caso, ao colectivo de homes e de mulleres.

Roles de xénero: Sons construcións culturais da nosa sociedade que esperan das persoas certos comportamentos. Asignan aos homes a masculinidade e ás mulleres a feminidade, para o caso das sociedades occidentais. Non todas as culturas perciben os mesmos roles de xénero, nin son necesariamente fixos, nin están ligados á lóxica binaria (muller/home).

Heterosexismo: asumir a heterosexualidade como a orientación social maioritaria e normalizada. É un dos motores da transfobia e da homofobia, xunto co binarismo de xénero. Eles promoven o castigo á transgresión dos roles de xénero tradicionais, forman parte inherente da aprendizaxe social.

Sexismo: expresión da discriminación baseada no sexo, caracterizada por diferenzas e por un trato desigual entre homes e mulleres, pero, especialmente, pola supeditación dun sexo sobre o outro. Dada a nosa estrutura de

sexo-xénero, o sexismo dáse do sexo masculino cara ao feminino. Esta xerarquización, baseada no poder, é unha característica de calquera práctica discriminatória.

Misoxinia: Orixinada da unión entre os termos gregos “miseo” e “gyne”, cuxos significados son respectivamente odio e mulleres. A palabra misoxinia é usada para definir o senti-

mento de aversión, repulsa ou desprezo polas mulleres e valores femininos. Este sentimento tradúcese en comportamentos machistas, cuxas opinións, actitudes buscan o establecemento e a manutención das desigualdades e xerarquías entre homes e mulleres, contribuíndo á crenza de superioridade do poder e da figura masculina.

ANEXOS

ACTIVIDADE 1. Liña do tempo

Propostas de feitos para a liña no tempo

- ▶ **1789 -1791. Declaración dos Dereitos das Mulleres e as cidadás. Olympe de Gouges.**

A revolución Francesa proclamou os Dereitos dos Homes e dos cidadáns e excluíu ás mulleres destes dereitos conquistados. Olympe de Gouge escribiu A Declaración dos Dereitos das Mulleres e as cidadás, esixindo status de cidadás tamén para as mulleres. Pola súa loita, foi guillotizada.

- ▶ **1848. Declaración de Seneca Falls ou Declaración dos Sentimentos.**

Esta foi a primeira convención polos dereitos das mulleres. É o texto fundacional do movemento sufraxista nos Estados Unidos. Elizabeth Cady Stanton e Lucretia Mott foron activistas da época. Loitaban contra a escravitude e polos dereitos das mulleres. Indignadas pola prohibición que impedía ás mulleres falar nunha convención contra a escravitude e por outros impedimentos, organizaron a 1ª convención nacional polos dereitos das mulleres en Nova York da que participaron centos de persoas. Xuntas, esixiron dereitos civís, sociais, políticos e relixiosos para as mulleres, que quedaron rexistrados na Declaración dos Sentimentos ou Declaración de Seneca Falls. Pese ás burlas, naceu o movemento sufraxista estadounidense.

- ▶ **29 de maio de 1851. Discurso pronunciado por Sojourner Truth. “Acaso non son unha muller?”**

Sojourner Truth, nacida e escravizada en Nova York, obtén a súa liberdade en 1827. En 1851, pola celebración da convención das Mulleres de Akron, Ohio, pronunciou un dos discursos que marcan o movemento feminista negro, con gran impacto durante a Guerra Civil Estadounidense. Paga a pena ler a súa transcripción.

- ▶ **1893. 1º país en conceder o sufraxio feminino.**

Nova Zelandia convértese no 1º país autónomo que permite votar ás mulleres e inspira ás sufraxistas de todo o mundo.

- ▶ **19 de marzo de 1911. 1ª celebración do Día da Muller Traballadora.**

Como consecuencia da decisión adoptada en Copenhague na Internacional Socialista, no ano anterior, celebrouse o Día Internacional da Muller na Alemaña, Austria, Dinamarca e Suíza, con concentracións de millóns de persoas. Ademais do dereito ao voto, esixían o dereito ao traballo remunerado, á formación profesional e á non discriminación laboral.

- ▶ **1931. Sufraxio feminino na República Española.**

Este logro tivo como abandeirada a Clara Campoamor, unha das tres mulleres congresistas. Ela loitou incansablemente para que as mulleres tivesen dereito ao voto. As mulleres puideron exercer o seu voto en 1933. Tal dereito foi interrompido coa ditadura franquista. Esta lei tivo unha importancia

fundamental desde o punto de vista ideolóxico, ao presentarse como defensa para as mulleres. Considérase un paso adiante cara ao camiño pola igualdade de dereitos con respecto aos homes, ata o punto de que foi considerada como unha das leis máis progresistas de Europa neste campo.

► **1948. A Declaración Universal de Dereitos Humanos (ONU).**

Este documento define por 1ª vez na historia os dereitos básicos e liberdades fundamentais de todos os seres humanos (homes e mulleres por igual). Este documento foi traducido a máis de 500 idiomas. Entre eles o galego?

► **1949. 1ª edición do “Segundo Sexo” de Simone de Beauvoir.**

Unha das obras máis coñecidas do movemento feminista. A obra fai unha descrición, desde diferentes disciplinas (Bioloxía, Literatura, Historia, Antropoloxía, Psicoanálise), de que é ser “muller”. Unha definición considerada como negativa fronte ao positivo que é ser “home”. En consecuencia, “muller” é entendida como unha “outredade” ante o modelo de referencia, o “home”. Ela explica como estas disciplinas son insuficientes para explicar o que é ser muller. Nesta obra é onde está a famosa afirmación “non se nace muller, chégase a selo”. O que vén dicir que as mulleres non nacen “femininas”; que este non é un feito natural. Quere dicir que a feminidade é unha construción cultural.

► **25 de novembro de 1960.**

As irmás Patria, Minerva e María Teresa, coñecidas como as Bolboretas, foron secuestradas e brutalmente asasinadas pola ditadura de Rafael Leónidas Trujillo na República Dominicana. Convertéronse no símbolo da resistencia feminina popular, contribuíndo á organización colectiva contra a ditadura. En homenaxe a estas valentes mulleres, o día 25 de novembro é o día internacional no que se reivindica a fin da violencia contra as mulleres. Esta data foi establecida no 1º Encontro Feminista Latino-Americano e Caribeño, celebrado en Bogotá, Colombia, no ano 1981. En 1999, a ONU transforma o día nunha data celebrada mundialmente.

► **1970. *Política Sexual*, Kate Millett.**

É unha das obras de referencia do movemento feminista. Explica a íntima relación entre o que entendemos por espazo público e privado, e por persoal e político. Ela argumenta como determinadas problemáticas entendidas como persoais, por exemplo, o control da sexualidade feminina, poden ser resoltas por medio das accións políticas. Esta obra é unha referencia no debate sobre a xustiza e a cidadanía.

► **1981. Lei do divorcio - España.**

Denominada Lei 30/1981, esta lei modifica a regularización do matrimonio no Código Civil. No Estado Español, a primeira lexislación relativa ao divorcio foi en 1932, pero sen consecuencias, dadas as circunstancias. A lei de 1981 determinaba o procedemento a seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio, non supoñendo un procedemento fácil de acceder. Pero tivo unha importancia fundamental desde o punto de vista ideolóxico, ao presentarse como unha defensa para as mulleres e un paso adiante cara ao camiño pola igualdade de dereitos entre os sexos. Esta lei foi modificada en 2005, adecuándose máis á realidade.

► **1982. Xorden as primeiras revistas feministas galegas:**

A *Saia*, ligada ao colectivo Feminista Independente Galego, a revista *Andaina* (1983) ligada á Asociación Galega da Muller e a revista *Festa da Palabra Silenciada* (1983). En 1986 nace a revista *Area* do colectivo Mulleres Nacionalistas Galegas.

► **1995. IV Conferencia Mundial sobre a Muller - Declaración e Plataforma de Beijing.**

Esta cuarta conferencia organizada pola ONU foi un paso institucional importante para a conquista de dereitos para as mulleres. Nesta conferencia elabórase a Declaración e a Plataforma de Acción de Beijing. Nela esbózanse 12 ámbitos críticos que constitúen obstáculos para as mulleres e establece o alcance das medidas que os gobernos, a ONU e os grupos da sociedade civil deben tomar para facer dos dereitos humanos das mulleres e minorías unha realidade.

► **2004. Mobilización Europea da Marcha Mundial das Mulleres en Vigo.**

A Marcha Mundial das Mulleres é unha rede de acción feminista internacional nacida en 2000. Engloba aos grupos e organizacións de base que traballan para eliminar as causas que producen a pobreza e a violencia contra as mulleres. Este encontro que conseguiu reunir máis de 20.000 mulleres de diferentes países, tivo por lema “POR UNHA EUROPA DE TODAS. DIFERENTES SI, DESIGUAIS NON”.

► **2007. Lei Galega - 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**

Esta lei presenta importantes avances en diferentes aspectos con respecto á lei estatal de 2004. Entre eles destaca a ampliación do concepto de violencia de xénero para calquera acto violento ou agresión producida polos homes contra as mulleres, independentemente da relación afectivo-sexual (non se restrinxe a parellas e ex-parellas) e do ámbito onde a violencia foi exercida (no traballo, na rúa).

ACTIVIDADE 4. Como sería a vida de ?

Proposta de guión

1. Contido do prototipo:
 - Características físicas do personaxe.
 - Características de personalidade.
 - Mudanzas corporais.
 - Soños. debilidade e fortaleza.
2. Etapas de vida:
 - Bebé 0-3 anos.
 - Infancia 4-12 anos.
 - Adolescencia 13-18 anos.
 - Xuventude 18-25 anos.
 - Madurez 25-30 anos.

8M 2020

